


ADDENDA PARA MODIFICAR O FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL PREVISTA NO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO PARA LEVAR A CABO DENTRO DO SEU TERMO MUNICIPAL AS ACTUACIÓNS RECOLLIDAS NO PROXECTO DENOMINADO "SUBSTITUCIÓN E INSTALACIÓN DE CALDEIRAS DE BIOMASA (FEDER-EELL-2019-000559)", QUE CONTA CO FINANCIAMENTO DO 80 % DO FEDER A TRAVÉS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS PARA PROXECTOS SINGULARES DE ENTIDADES LOCAIS QUE FAVOREZAN O PASO A UNHA ECONOMÍA BAIXA EN CARBONO DO INSTITUTO PARA A DIVERSIFICACIÓN E AFORRO DA ENERXÍA NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER DE CRECEMENTO SOSTIBLE 2014-2020

Pontevedra, 29, de outubro, de 2019

Reunidos




Dunha parte M.^a del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra Marta Valcárcel Gómez, Alcaldesa do Concello de Salvaterra de Miño, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

E actuando Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, dando fe do acto que ten lugar.

As partes recoñécense con capacidade para formalizar esta addenda, en base aos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das administracións públicas, e

Expoñen



I. Que en data 24 de xuño de 2019 a Deputación de Pontevedra e o Concello de Salvaterra de Miño asinaron un convenio de colaboración cuxo obxecto era obxecto é articular as bases de colaboración entre ambas administracións para levar a substitución de tres caldeiras cuxo combustible é non renovable por caldeiras de biomasa dentro do termo municipal de

Salvaterra de Miño, no marco das actuacións recollidas no proxecto denominado "SUBSTITUCIÓN E INSTALACIÓN DE CALDEIRAS DE BIOMASA (FEDER-EELL-2019-000559).

II. Este convenio asinouse no marco da colaboración da Deputación cos concellos da provincia para desenvolver un proxecto singular no ámbito de actuación da Economía Baixa en Carbono ao amparo das convocatorias Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (en adiante IDAE), no marco do Programa Operativo FEDER de Crecemento Sostible 2014-2020.

III. Que de acordo coa cláusula terceira do convenio, o investimento elixible admitida polo IDAE para o proxecto denominado "Substitución e instalación de caldeiras de biomasa" (FEDER-EELL-2019-000559) ascende a cantidade de cincocentos vinte mil douscentos sesenta e sete euros con cincuenta e cinco céntimos (520.267,55€). O seu financiamento distribuíase entre a axuda concedida polo IDAE con cargo aos fondos FEDER, a Deputación e os Concellos, correspondéndolle a súa execución á Deputación. No caso das actuacións contempladas a realizar no proxecto dentro do termo municipal de Salvaterra de Miño, se concretaban do seguinte xeito:

Concello	Investimento elixible admitido	Axuda outorgada (cofinanciamento FEDER)	Achega do Concello	Achega da Deputación
Salvaterra de Miño	176.942,10 €	141.553,68 €	17.694,21 €	17.694,21 €

IV. Que de acordo coa cláusula terceira do convenio, a achega do concello debía ingresarse na tesourería provincial no momento da sinatura do convenio e, en todo caso, antes da iniciación do expediente de contratación co fin de xerar o crédito necesario na aplicación correspondente. O Concello ante a imposibilidade de financiar esta achega con recursos propios e á vista dos créditos dispoñibles ao seu favor no marco do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019 da Deputación, solicitou que estes créditos se destinasen a financiar á achega municipal ao convenio. En consecuencia o Concello de Salvaterra de Miño instou a tramitación dunha Addenda que adecúe o clausulado do convenio á nova fonte de financiamento da achega municipal


V. Por todo o anteriormente exposto, as partes manifestan expresamente o seu desexo de asinar unha addenda ao convenio de colaboración co obxecto de modificar a achega

municipal, de xeito que esta se impute contra os créditos dos que dispón ao abeiro do Plan Concellos 2018-2019 da Deputación, coas seguintes

Cláusulas

Primeira. Financiamento

As partes acordan modificar as obrigas financeiras do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO PARA LEVAR A CABO DENTRO DO SEU TERMO MUNICIPAL AS ACTUACIÓNS RECOLLIDAS NO PROXECTO DENOMINADO "SUBSTITUCIÓN E INSTALACIÓN DE CALDEIRAS DE BIOMASA (FEDER-EELL-2019-000559)", QUE CONTA CO FINANCIAMENTO DO 80 % DO FEDER A TRAVÉS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS PARA PROXECTOS SINGULARES DE ENTIDADES LOCAIS QUE FAVOREZAN O PASO A UNHA ECONOMÍA BAIXA EN CARBONO DO INSTITUTO PARA A DIVERSIFICACIÓN E AFORRO DA ENERXÍA NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER DE CRECIMENTO SOSTIBLE 2014-2020.



A modificación ten por obxecto adecuar a achega municipal, que inicialmente se imputaba contra os fondos propios do concellos, e que pasa a financiarse con cargo a unha axuda ao abeiro do Plan Concellos 2018-2019 da Deputación.

A presente addenda límitase a modificar a fonte de financiamento da achega municipal, polo que non altera os importes das obrigas económicas das partes previstas no convenio nin o seu cadro de financiamento, quedando redactados os dous últimos parágrafos da cláusula terceira relativa ao importe e financiamento do seguinte xeito:

"O importe que ten que achegar o Concello será financiado contra unha subvención outorgada ao abeiro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) da Deputación, imputándoselle 17.694,21 euros á anualidade 2019, de xeito que se realizarán as operacións necesarias para xerar crédito na aplicación orzamentaria oportuna.

En caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade do proxecto, o financiamento reducirase en correlación ás obrigas económicas que lle corresponda afrontar a cada parte."

Asemade modifícase a cláusula sexta relativa ás obrigas das partes, quedando redactada o primeiro apartado referente ás obrigas do Concello do seguinte xeito:

"Pola súa banda, o Concello obrígase a:

- *Asumir as obrigas económicas que lle correspondan no marco deste convenio na forma prevista na cláusula terceira. No caso de que o Concello non cumprise con ditas obrigas, no tempo e forma acordado, poderá ser expulsado do proxecto mencionado de acordo coas normas comunitarias e coas normas nacionais que lle sexan de aplicación*

Segunda.- Réxime Xurídico

En todo o demais, permanecerá invariable o contido do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO PARA LEVAR A CABO DENTRO DO SEU TERMO MUNICIPAL AS ACTUACIÓNS RECOLLIDAS NO PROXECTO DENOMINADO "SUBSTITUCIÓN E INSTALACIÓN DE CALDEIRAS DE BIOMASA (FEDER-EELL-2019-000559)", QUE CONTA CO FINANCIAMENTO DO 80 % DO FEDER A TRAVÉS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS PARA PROXECTOS SINGULARES DE ENTIDADES LOCAIS QUE FAVOREZAN O PASO A UNHA ECONOMÍA BAIXA EN CARBONO DO INSTITUTO PARA A DIVERSIFICACIÓN E AFORRO DA ENERXÍA NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER DE CRECEMENTO SOSTIBLE 2014-2020, asinado o 24 de xuño de 2019.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan a presente addenda por duplicado e a un só efecto no lugar e na data sinalados no seu encabezamento

Pola Deputación de Pontevedra

Polo Concello de Salvaterra de Miño

M^a del Carmen Silva Rego

Marta Valcárcel Gómez

O Secretario Xeral

Carlos Cuadrado Romay

